

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBRERAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Ramón Sarmiento Solla, con DNI 76992874Y, secretario xeral do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, con CIF G-15103112, que actúa en nome e representación da citada entidade en virtude do establecido nos seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (en diante CCOO) é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (especialmente os seus artigos 1, 2 e 3) e de que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.



Que dentro do Goberno galego, correspóndenlle á Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de política lingüística.

2. Que ambas as entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón da lingua.

3. Que ambas as partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade. Que así mesmo, as partes convenientes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas, os sindicatos.

4. Que lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego ca o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas, entre as que figuran os sindicatos con implantación en Galicia.

5. Que CCOO é un sindicato que ten unha gran representatividade na Comunidade Autónoma galega, onde conta cun gran número de afiliados entre o colectivo de traballadores de moi diversas profesións, actividades e servizos. Este sindicato dende hai anos colabora coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cumprir o establecido na Lei de normalización lingüística, coa finalidade de normalizar o uso da lingua galega no funcionamento e na actividade deste sindicato e, por



outra parte, como establecen os principios que, con respecto ao idioma, declara o artigo 6 dos seus estatutos.

6. Que as actividades que promove CCOO se enmarcan dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización da lingua e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Estas actividades, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia, ANPE-GALICIA, CSI-F Galicia, UGT Galicia e a CIG, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio

7. Que CCOO desexa colaborar en materia de normalización lingüística promovendo as actuacións que sexan necesarias para conseguir a completa normalización do galego no ámbito de actuación deste sindicato en Galicia. Por iso, as partes fan explícita a súa inequívoca vontade de continuar colaborando no desenvolvemento de actuacións destinadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior no ámbito de actuación deste sindicato e nas súas relacións coa cidadanía.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2020, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e CC.OO para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os ámbitos da sociedade.



Segunda.- Obrigas de Comisións Obreiras

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico CC.OO realizará en lingua galega as seguintes accións:

- *Impulsa a transición. Cara a unha adaptación ecolóxica dos centros de traballo.*

Manual básico de intervención sindical en medio ambiente, no ámbito das empresas, administracións públicas e centros de traballo. O obxectivo deste proxecto é impulsar a transición ecolóxica nas empresas, lograr o recoñecemento xeneralizado da figura do delegado e da delegada de medio ambiente entre a representación sindical dos traballadores e traballadoras e proporcionarlle criterios e ferramentas para o despregamento efectivo de actuacións e propostas para colaborar na acción climática nos centros de traballo e na xestión dos seus riscos.

- Informe sobre os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais en Galicia no ano 2019

Neste informe recompílanse e interprétanse os datos estatísticos dos accidentes de traballo (con baixa e sen baixa) e das enfermidades causadas polo traballo en Galicia.

- *Galicia Sindical*, que é o órgano de comunicación do Sindicato Nacional de CC.OO de Galicia. Pódese consultar na web do Sindicato, no apartado "publicacións periódicas".

- Mantemento e actualización diaria da páxina web do sindicato www.ccoo.gal

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, a CCOO o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.



Cuarta.-Financiamento

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **1.000,00 €**, con cargo á aplicación 11.40.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, CC.OO presentará telematicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2020 a seguinte documentación:

- . Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- . Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- . No caso de que se publiquen traballos entregárase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

Para percibir a mencionada axuda, CC.OO queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1



do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento CC.OO, presentará na Consellería de Cultura e Turismo unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, CC.OO presentará, unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.



Así mesmo, CC.OO deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, CC.OO comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CC.OO procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

CC.OO facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura e Turismo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio

Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,



modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura deste convenio as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.



Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes de CCOO. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura e Turismo pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade – directa, indirecta ou subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en



particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.



Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O secretario xeral do Sindicato Nacional
de Comisións Obreiras de Galicia

Román Rodríguez González

Ramón Sarmiento Solla

